



GASTOS

II. GASTOS

II.1. PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DOS ORZAMENTOS PROVINCIAIS.

O importe de gastos iguálase ao de ingresos ao presentarse os catro orzamentos equilibrados, cunha cifra de 550,9 millóns de euros e un incremento do case 5% con respecto ao ano anterior.

Principais cambios respecto ao ano anterior nos orzamentos de gastos.

Como se dicía no apartado de ingresos, o total da cifra orzamentaria aumentou aproximadamente en 26 millóns respecto á cifra de 2021 para o orzamento das catro provincias.

Dentro das *operacións non financeiras*, e en concreto, referíndonos ás operacións correntes, os cinco capítulos experimentan un aumento con respecto ao ano 2021. Só o capítulo V Fondo de continxencia e imprevistos amosa un ascenso do 16,3%. Derivado do anterior, as operacións non financeiras aumentaron un 5,9% respecto aos orzamentos do ano anterior.

O **capítulo I** incrementouse en 3,04 millóns de euros alcanzando 168,2 millóns de euros para as catro deputacións, cunha taxa de crecemento interanual do 1,8%. Con este crecemento consolídase como o primeiro destino dos orzamentos provinciais, cunha porcentaxe na estrutura de gastos do 30,5%.

O **capítulo II** incrementouse en 7,2 millóns de euros, ata chegar á cifra de 119,9 millóns de euros para as catro deputacións, cunha taxa interanual do 6,4%. Con este crecemento consolídase como o terceiro destino dos orzamentos provinciais, cunha porcentaxe na estrutura de gastos do 21,8%.

Cadro 13. Orzamento de gastos do total das deputacións. 2021-2022.

| CAPITULOS | 2021 | | Increm. % Interanual | 2022 | |
|--|--------------------|--------------|-------------------------|--------------------|--------------|
| | IMPORTE | % | | IMPORTE | % |
| OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS | | | | | |
| I. Gastos de Persoal | 165.158.466 | 31,5% | 1,8% | 168.206.214 | 30,5% |
| II. Compra de Bens Corr. E Servizos | 112.723.197 | 21,5% | 6,4% | 119.909.771 | 21,8% |
| Gastos funcionamento dos servizos | 277.881.662 | 53,0% | 3,7% | 288.115.985 | 52,3% |
| III. Xuros | 1.138.948 | 0,2% | 41,5% | 1.611.998 | 0,3% |
| IV. Transferencias Correntes | 120.352.366 | 22,9% | 2,3% | 123.067.239 | 22,3% |
| V. Fondo continxencia e imprevisión | 5.437.953 | 1,0% | 16,3% | 6.326.611 | 1,1% |
| Operacións Correntes | 404.810.929 | 77,1% | 3,5% | 419.121.832 | 76,1% |
| VI. Investimentos Reais | 49.903.740 | 9,5% | 2,2% | 50.985.436 | 9,3% |
| VII. Transferencias de Capital | 59.831.300 | 11,4% | 25,1% | 74.843.847 | 13,6% |
| Operacións de capital | 109.735.040 | 20,9% | 14,7% | 125.829.282 | 22,8% |
| Operacións non financeiras | 514.545.969 | 98,1% | 5,9% | 544.951.115 | 98,9% |
| OPERACIÓNS FINANCEIRAS | | | | | |
| VIII. Variación Activos Financeiros | 6.983.941 | 1,3% | -58,4% | 2.903.172 | 0,5% |
| IX. Variación Pasivos Financeiros | 3.204.880 | 0,6% | -5,1% | 3.042.784 | 0,6% |
| Operacións financeiras | 10.188.821 | 1,9% | -41,6% | 5.945.956 | 1,1% |
| TOTAL GASTOS | 524.734.790 | 100% | 4,99% | 550.897.070 | 100% |

Fonte: Consellería de Facenda.

○ **capítulo III, de xuros polos préstamos** vixentes ou outro tipo de gastos financeiros, tamén experimentou un lixeiro aumento con respecto ao 2021, aínda que en termos de valor absoluto o importe é de 0,4 millóns de euros.

No **capítulo IV** prodúcese un incremento do 2,3%, o equivalente a 2,7 millóns de euros máis que en 2021. Sen embargo, a porcentaxe sobre o total de gastos no orzamento apenas experimentou variacións.

No **capítulo V** produciuse un ascenso do 16,3% con respecto a 2021 (un incremento de apenas 888 mil euros en termos absolutos). O ascenso debeuse principalmente ás deputacións de Lugo e Ourense, con respecto a 2021.

○ **capítulo VI** de investimentos reais amosa un aumento para o total das deputacións. En concreto un 2,2% (de 1,1 millóns de euros máis que en 2021).

○ **capítulo VII** para o conxunto das catro deputacións experimentou un incremento dun 25,1%, é dicir, 15 millóns de euros máis que en 2021. As transferencias de capital aumentaron en todas as deputacións.


Con respecto ás operacións financeiras, o **capítulo VIII de variación de activos financeiros** experimentou un descenso con respecto a 2021, en concreto dun 58,4%. Foi o capítulo con maior diminución en termos porcentuais, cun total de 4,1 millóns menos

que en 2021. A diminución debeuse ao descenso producido na Coruña e Lugo mentres que nas restantes deputacións mantense en termos de valor absoluto con respecto ao ano pasado.

O capítulo IX de **variación de pasivos financeiros**, experimentou unha variación dun -5,1%, sendo e termos absolutos de 162 mil euros). Esta diminución xunto coa do capítulo anterior, fixeron que as operacións financeiras descenderan algo máis de 4 millóns de euros (un 41,6% menos que no ano anterior). En termos de importancia sobre o orzamento total, o peso relativo pasa do 1,9% ao 1,1% en 2022.

Recapitulando todo o anterior, as variacións experimentadas en cada tipo de operacións recóllense a continuación no cadro 14.


Cadro 14. Variacións anuais na estrutura de gastos. Total da CA de Galicia 2021-2022



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Se temos en conta cada un dos capítulos e cada un dos períodos considerados (2021 e 2022) a representación gráfica seguinte amosa as principais diferenzas entre períodos e permite comprobar a importancia en termos relativos de cada un deles con respecto ao orzamento total de gastos.

Gráfico 35. Estrutura dos capítulos de gasto. Todas as deputacións.



Fonte: Consellería de facenda.


Principais características da estrutura de gastos

Unha vez comentadas as variacións respecto do ano 2021, afondarase a continuación na composición dos orzamentos de gastos de 2022 e os principais destinos das cifras dos orzamentos provinciais.

Da análise da estrutura debe salientarse que:


- O 98,9% dos gastos o constitúen operacións non financeiras, cunha cifra de 544,9 millóns de €, cun incremento do 5,9% respecto a 2021.
- Os principais compoñentes, á súa vez son:
 - O 76,1% do total de gastos son operacións correntes (capítulos do I ao V), cun importe de 419,1 millóns de €, cifra que é maior á de 2021, en concreto nun 3,5%.
 - O 22,8% son operacións de capital (capítulos VI e VII), cunha cifra de 125,8 millóns de €, cun aumento, respecto ao ano 2021, dun 14,7%.
- O 1,1% restante son gastos destinados a operacións financeiras, que experimentaron un descenso do 41,6%. En termos absolutos, o que máis diminuíu foi o capítulo VIII con 4,1 millóns de euros (un 58,4% menos que o ano anterior).

Gráfico 36. Estructura dos capítulos de gasto. Todas as deputacións.



Fonte: Consellería de Facenda.


Gráfico 37. Estructura dos capítulos de gasto. Todas as deputacións.



Fonte: Consellería de Facenda.

A estrutura de gastos de cada un dos orzamentos presenta diferenzas, entre as que se poderían salientar as seguintes:

Gráfico 38. Estructura de gasto por tipo de operacións. 2022.




Fonte: información agregada procedente das deputacións.

O orzamento de Pontevedra é o que presenta a maior porcentaxe de **operacións non financeiras**, mentres en Lugo as operacións financeiras (capítulos VIII e IX) son as de maior porcentaxe das catro, co 1,9%.

Os gastos destinados ao financiamento de **operacións correntes** presenta unha porcentaxe do 76,1% para o total dos catro orzamentos, e neste caso destaca a máis alta porcentaxe no orzamento coruñés, no que o 81,8% dos gastos van destinados a gastos de natureza corrente. En Ourense a porcentaxe é do 80%, en Lugo do 79% e finalmente a menor porcentaxe rexístrase en Pontevedra co 66,3%.

Gráfico 39. Estructura de gasto. Detalle. 2022.




Fonte: información agregada procedente das deputacións.

No que se refire aos Gastos de funcionamento dos servizos (capítulos I e II), presentan diferenzas significativas na comparativa entre os catro orzamentos, xa que en Lugo a porcentaxe ascende ata o 63,7% mentres que no orzamento da Coruña a porcentaxe é do 44,9%, é dicir case 19 puntos por debaixo da media; un ano máis é o que presenta a menor porcentaxe do orzamento destinado ao pagamento de gastos de persoal e de bens correntes e servizos.

As transferencias correntes, que para a media de Galicia representan o 22,3% e que tiveron un crecemento interanual do 2,3%, teñen no orzamento de Lugo o seu menor importe e peso relativo, xa que cos seus 13,8 millóns soamente absorben o 13,8% do total dos seus gastos, mentres que nas outras deputacións a porcentaxe varía entre o 15,8% de Ourense ao 34,5% da Coruña, reflectindo un 17,3% en Pontevedra.

Ao igual que no apartado de ingresos, engadimos uns apuntamentos sobre a composición de gastos das facendas provinciais galegas en comparación coas facendas dos concellos galegos e coa media nacional de orzamentos de deputacións provinciais.

Gráfico 40. Estructura de gasto. Entidades Locais. 2022.




Fonte: información agregada procedente das deputacións.

Na composición das facendas dos concellos os gastos destinados a operacións correntes teñen maior peso que nas facendas provinciais, xa que chegan ao 87%. mentres que os gastos destinados a operacións de capital (capítulos VI e VII, investimentos propios das corporacións e os que se realizan a través doutras entidades por transferencias) teñen un peso porcentual nos concellos que é case a metade da porcentaxe das corporacións provinciais.

As operacións financeiras teñen un peso igualitario na estrutura de gastos das deputacións, supoñendo un 1% en ambos casos.

Gráfico 41. Estructura de gasto. Entidades Locais. Detalle. 2022.




Fonte: información agregada procedente das deputacións.

Como continuación da maior porcentaxe dos gastos por operacións correntes, obsérvase que os gastos de funcionamento, capítulos I e II de pagamento de persoal e de compra de bens correntes e servizos, presentan maior peso nas facendas dos concellos, que representan o 80% do total de gastos, fronte ao 51% nas deputacións. O resto de variables na estrutura dos orzamentos dos concellos presentan porcentaxes menores.

Ao comparar a estrutura de gastos das deputacións galegas coa do resto de España, obsérvase que as proporcións nos orzamentos son moi similares. En Galicia os gastos correntes supoñen unha porcentaxe do 76,2% mentres que en España sitúanse na contorna do 72,1%. A maior diferenza na proporción sobre o total obsérvase nas operacións financeiras, con maior porcentaxe no ámbito nacional.


Gráfico 42. Orzamento deputacións. 2022.



Fonte: información agregada procedente das deputacións.

Tendo en conta os compoñentes desagregados podemos observar as seguintes diferenzas nas proporcións que cada un deles representa en cada ámbito considerado:

Gráfico 43. Estrutura orzamento deputacións. Detalle. 2022.




Fonte: información agregada procedente das deputacións.

II.2. ESTRUCTURA POR PROGRAMAS DOS ORZAMENTOS DE 2020 DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS

Como se comentou ao inicio desta memoria, a clasificación por programas é obrigatoria e recolle a finalidade e obxectivos á que atenden os gastos. Clasifícanse por áreas de gasto (con seis áreas), políticas de gasto, grupos de programas e programas. Nesta memoria descríbese ao nivel de áreas de gasto.

A continuación, podemos observar cal é o peso relativo de cada área de gasto dentro dos orzamentos do conxunto das catro deputacións.

Gráfico 44. Orzamento total por áreas de gasto. 2022.



Fonte: información agregada procedente das deputacións.

A área de gasto que absorbe unha maior consignación no orzamento inicial de 2022 para o conxunto das catro deputacións, é a 9 destinada a "Actuacións de carácter xeral", que como nos anos anteriores, constitúe a principal finalidade dos gastos. Esta área de gasto absorbe o 36,6% do total dos orzamentos das catro deputacións no que atinxe a súa estrutura por programas. Esta porcentaxe é superior en 0,1 puntos á porcentaxe que tivo o ano pasado.

Nesta área de gasto 9 inclúense os gastos relativos ás actividades da entidade local provincial consistentes no exercicio de funcións de goberno ou de apoio administrativo, de soporte lóxico e técnico a toda a organización, xunto as de transferencias a outras administracións e institucións públicas.

Cadro 15. Orzamento 2022. Clasificación por programas de gasto. Orzamento sen consolidar.

| Área | Política de gasto | TOTAL DEPUTACIÓNS |
|----------|---|--------------------|
| 1 | SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS | 40.245.792 |
| | 13 Seguridade e mobilidade cidadá | 9.115.113 |
| | 15 Vivenda e urbanismo | 957.839 |
| | 16 Benestar comunitario | 21.848.979 |
| | 17 Medio ambiente | 8.323.862 |
| 2 | ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN SOCIAL. | 97.289.813 |
| | 21 Pensións | 11.221.202 |
| | 22 Outras prestacións económicas a favor de empregados | 3.585.705 |
| | 23 Servizos Sociais e promoción social | 60.706.905 |
| | 24 Fomento do Emprego | 21.776.000 |
| 3 | PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE | 75.674.277 |
| | 31 Sanidade | 893.799 |
| | 32 Educación | 12.047.806 |
| | 33 Cultura | 43.576.259 |
| | 34 Deporte | 19.156.412 |
| 4 | ACTUACIÓN DE CARÁCTER ECONÓMICO | 130.540.147 |
| | 41 Agricultura, Gandeiría e Pesca | 12.050.434 |
| | 42 Industria e enerxía | 2.121.621 |
| | 43 Comercio, turismo e PEMES | 10.948.336 |
| | 44 Transporte público | 0 |
| | 45 Infraestruturas | 100.315.264 |
| | 46 Investigación, desenvolvemento e innovación | 284.500 |
| | 49 Outras actuacións de carácter económico | 4.819.993 |
| 9 | ACTUACIÓN DE CARÁCTER XERAL | 200.380.421 |
| | 91 Órganos de goberno | 15.364.152 |
| | 92 Servizos de carácter xeral | 70.316.513 |
| | 93 Administración financeira e tributaria | 39.794.533 |
| | 94 Transferencias a outras Administracións Públicas | 74.905.222 |
| 0 | DÉBEDA PÚBLICA | 3.447.581 |
| | 01 Débeda Pública | 3.447.581 |
| | TOTAL | 547.578.030 |

Fonte: información agregada procedente das deputacións.

Como se pode observar na táboa, o importe da área 9 acende a 200,4 millóns de euros, que supón 10 millóns máis que en 2021 (o 0,1% máis con respecto ao ano anterior). A política de gasto de maior importe é a 94 Transferencias a outras Administracións Públicas que con 74,9 millóns é a primeira política de gasto en importe no orzamento conxunto das catro deputacións e representa o 13,7% do total e o 37,4% desta área de gasto. Dentro das actuacións de carácter xeral, séguelle a política 92 Servizos de carácter xeral, con 70,3 millóns de euros, o 35,1% desta área de gasto e o 12,8% do total de gastos das catro deputacións; a política de gasto 93 destinada á Administración financeira e tributaria é a seguinte partida en importancia e chega a representar o 7,3% do total de gastos.

Para o conxunto dos catro orzamentos, a área 4, Actuacións de carácter económico, acada os 130,5 millóns de euros e o 23,8% sobre o total de gastos. Intégranse nesta área os gastos de actividades, servizos e transferencias que conducen a desenvolver o potencial dos distintos sectores da actividade económica. Tamén comprende os gastos en infraestruturas básicas e de transportes; infraestruturas agrarias; comunicacións; investigación, desenvolvemento e innovación.

A política de gasto 45, destinada ás infraestruturas, é a de maior importe. Neste ano alcanza un importe de algo máis de 100 millóns de euros en total que implica que o 18,3% dos recursos da facendas provinciais están destinadas ao financiamento das infraestruturas, 5,1 puntos porcentuais máis do orzamento de 2021. É no orzamento coruñés onde se observa a maior porcentaxe desta área de gasto, sen embargo en 2022 observase un notable ascenso con respecto ao ano anterior, dun 29,4%.

A continuación, reflectindo o peso do sector primario na economía galega, está a política de gasto 41 "Agricultura, gandería e pesca" con 12,1 millóns de euros e o 2% sobre o total, tendo a maior presenza e importe nos orzamentos de Lugo e Pontevedra, cunha porcentaxe destes gastos en ambas provincias do 3,04% e do 3% respectivamente do seu total.

As Actuacións de protección e promoción social, incluídas na área de gasto 2, presentan unha cifra de 97,3 millóns que representa o 17,7% sobre o total. Inclúense nesta área todos aqueles gastos e transferencias que constitúen o réxime de previsión, as pensións de funcionarios, atencións de carácter benéfico-asistencial; atención a grupos con necesidades especiais, como mozos, maiores, persoas con discapacidade e terceira idade; tamén comprende as medidas de fomento do emprego. Neste orzamento de 2022, entre estas destaca a política de gasto dirixida aos servizos sociais e promoción social, con máis da metade do importe da área e o 11,1% do total de gastos.

Cun importe e porcentaxe moi preto, está a área de gasto de Producción de bens públicos de carácter preferente, área 3, que contén todos os gastos relacionados coa sanidade, educación, cultura, tempo de lecer, deporte, e, en xeral, todos aqueles tendentes á elevación ou mellora da calidade de vida. É a cuarta finalidade dos gastos para o conxunto das catro deputacións. Presenta un importe e porcentaxe moi semellante ao do grupo ou área 2, cun total de 75,7 millóns de euros, e unha porcentaxe do 14%.

Dentro desta área, a política de gasto de maior orzamento é a dirixida á promoción da cultura, (33), que representa máis do 50% da área de gasto e o 8% do total de gastos.

Nesta área de gasto non se reflicten variacións importantes das porcentaxes a ela destinadas entre os catro orzamentos, mesmo salientando a cultura nos catro orzamentos como a política de gasto de maior cifra.

A área de gasto IServizos públicos básicos, que comprende todos aqueles gastos orixinados polos servizos públicos básicos que, con carácter obrigatorio, deben prestar os concellos, ao abeiro do artigo 31.2 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, atendendo á función das provincias de cooperación e asistencia aos concellos.

O importe total destinados a esta área é de 40,2 millóns que representan o 7,4% do total, destacando a política de gasto destinada ao Benestar, cun total de 21,8 millóns de euros e representando un 4% do total do orzamento.


Nesta área de gasto, como en anos anteriores destaca a elevada porcentaxe do orzamento da deputación de Ourense que destina a ela o 25,8% do total, sendo no seu orzamento a segunda prioridade de gasto.

Por último, a Débeda pública é unha área na que ano a ano se vai reducindo o seu importe e peso relativo na composición dos gastos, aínda que diminuíu na contorna dun 38,6% con respecto ao ano anterior. O importe desta área é de 3,4 millóns de euros. Comprende os gastos de xuros, amortización da débeda pública e demais operacións financeiras e de natureza análoga, con exclusión dos gastos que ocasione a formalización das mesmas.

No orzamento coruñés non hai consignación de débeda pública, no de Pontevedra ten un importante descenso no seu orzamento, pasando 903 mil euros a 761 mil euros con respecto ao ano anterior. E nos dous orzamentos restantes, Lugo e Ourense, aprécia-se unha escasa diminución do 1,04% en Lugo mentres que en Ourense hai un incremento do 0,22%.

Se temos en conta graficamente cada unha das deputacións, podemos observar cal é o peso relativo de cada área de gasto, apreciando as diferencias comentadas anteriormente.

Gráfico 45. Estructura de gastos por áreas de gasto



Fonte: información agregada das deputacións.

Cadro 16. Orzamento das deputacións por programas de gasto.

| 2022 - Comparativa dos gastos | | | | | | | | | | | |
|---|---|--------------------|-------------|-------------------|-------------|-------------------|-------------|--------------------|-------------|--------------------|-------------|
| Orzamentos das deputacións por programas de gasto (orzamentos sen consolidar) | | | | | | | | | | | |
| Área | Política de gasto | A CORUÑA | % | LUGO | % | OURENSE | % | PONTEVEDRA | % | TOTAL | % |
| 1 | SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS | 3.330.672 | 2% | 7.867.550 | 8% | 22.117.119 | 26% | 6.930.451 | 4% | 40.245.792 | 7% |
| | 13 Seguridade e mobilidade cidadá | 1.167.000 | 1% | 3.078.356 | 3% | 2.382.917 | 3% | 2.486.840 | 1% | 9.115.113 | 2% |
| | 15 Vivenda e urbanismo | 0 | 0% | 622.152 | 1% | 0 | 0% | 335.687 | 0% | 957.839 | 0% |
| | 16 Benestar comunitario | 0 | 0% | 0 | 0% | 18.760.203 | 22% | 3.088.775 | 2% | 21.848.979 | 4% |
| | 17 Medio ambiente | 2.163.672 | 1% | 4.167.042 | 4% | 973.998 | 1% | 1.019.149 | 1% | 8.323.862 | 2% |
| 2 | ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN SOCIAL | 52.774.680 | 28% | 15.868.698 | 16% | 5.864.468 | 7% | 22.781.966 | 13% | 97.289.813 | 18% |
| | 21 Pensións | 11.221.000 | 6% | 0 | 0% | 0 | 0% | 202 | 0% | 11.221.202 | 2% |
| | 22 Outras prestacións económicas a favor de | 1.609.805 | 1% | 1.225.200 | 1% | 1.000 | 0% | 749.700 | 0% | 3.585.705 | 1% |
| | 23 Servizos Sociais e promoción social | 27.245.625 | 14% | 11.760.245 | 12% | 2.617.000 | 3% | 19.084.034 | 11% | 60.706.905 | 11% |
| | 24 Fomento do Emprego | 12.698.250 | 7% | 2.883.252 | 3% | 3.246.468 | 4% | 2.948.030 | 2% | 21.776.000 | 4% |
| 3 | PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE | 28.063.246 | 15% | 13.351.986 | 14% | 10.009.955 | 12% | 24.249.089 | 14% | 75.674.277 | 14% |
| | 31 Sanidade | 0 | 0% | 0 | 0% | 893.799 | 1% | 0 | 0% | 893.799 | 0% |
| | 32 Educación | 6.631.123 | 4% | 2.835.633 | 3% | 768.168 | 1% | 1.812.882 | 1% | 12.047.806 | 2% |
| | 33 Cultura | 15.901.073 | 8% | 6.130.890 | 6% | 5.681.053 | 7% | 15.863.243 | 9% | 43.576.259 | 8% |
| | 34 Deporte | 5.531.050 | 3% | 4.385.463 | 5% | 2.666.935 | 3% | 6.572.964 | 4% | 19.156.412 | 3% |
| 4 | ACTUACIÓN DE CARÁCTER ECONÓMICO | 54.080.904 | 29% | 20.123.826 | 21% | 28.068.378 | 33% | 28.267.039 | 16% | 130.540.147 | 24% |
| | 41 Agricultura, Gandeiría e Pesca | 2.061.000 | 1% | 2.944.031 | 3% | 909.953 | 1% | 6.135.450 | 3% | 12.050.434 | 2% |
| | 42 Industria e enerxía | 231.121 | 0% | 0 | 0% | 1.885.000 | 2% | 5.500 | 0% | 2.121.621 | 0% |
| | 43 Comercio, turismo e FEMES | 4.309.890 | 2% | 3.394.240 | 4% | 70.000 | 0% | 3.174.206 | 2% | 10.948.336 | 2% |
| | 44 Transporte público | 0 | 0% | 0 | 0% | 0 | 0% | 0 | 0% | 0 | 0% |
| | 45 Infraestruturas | 42.605.655 | 23% | 13.559.299 | 14% | 25.203.425 | 29% | 18.946.883 | 11% | 100.315.264 | 18% |
| | 46 Investigación, desenvolvemento e | 260.000 | 0% | 19.500 | 0% | 0 | 0% | 5.000 | 0% | 284.500 | 0% |
| | 49 Outras actuacións de carácter económico | 4.613.237 | 2% | 206.756 | 0% | 0 | 0% | 0 | 0% | 4.819.993 | 1% |
| 9 | ACTUACIÓN DE CARÁCTER XERAL | 50.985.498 | 27% | 37.950.232 | 39% | 18.637.883 | 22% | 92.806.806 | 53% | 200.380.421 | 37% |
| | 91 Organos de goberno | 3.478.112 | 2% | 3.204.126 | 3% | 5.401.939 | 6% | 3.279.975 | 2% | 15.364.152 | 3% |
| | 92 Servizos de carácter xeral | 22.024.827 | 12% | 17.842.835 | 18% | 10.778.262 | 13% | 19.670.590 | 11% | 70.316.513 | 13% |
| | 93 Administración financeira e tributaria | 19.680.535 | 10% | 4.534.805 | 5% | 2.433.642 | 3% | 13.145.551 | 7% | 39.794.533 | 7% |
| | 94 Transferencias a outras Administracións Públicas | 5.802.024 | 3% | 12.368.467 | 13% | 24.040 | 0% | 56.710.690 | 32% | 74.905.222 | 14% |
| 0 | DÉBEDA PÚBLICA | 0 | 0% | 1.684.264 | 2% | 1.002.197 | 1% | 761.120 | 0% | 3.447.581 | 1% |
| | 01 Débeda Pública | 0 | 0% | 1.684.264 | 2% | 1.002.197 | 1% | 761.120 | 0% | 3.447.581 | 1% |
| | TOTAL | 189.235.000 | 100% | 96.846.556 | 100% | 85.700.000 | 100% | 175.796.471 | 100% | 547.578.027 | 100% |


Fonte: información agregada das deputacións.

II.3. VARIABLES DE GASTOS EN RELACIÓN COA POBOACIÓN PROVINCIAL

A continuación analízanse os compoñentes de gasto dos orzamentos en termos per cápita.

A cifra de gastos de persoal (capítulo I) é de 62,5 €/habitante para a media de Galicia. Os valores resultantes nos orzamentos de Ourense (con 110,5 €) e Lugo (con 104,9 €), son superiores á media. A Coruña foi a que presentou a menor cifra de gastos de persoal por habitante, como ven sendo habitual nos últimos anos, con 46,6 €/habitante e en Pontevedra son 51,4 euros por habitante.

Gráfico 46. Variables de gastos (euros por habitante).



Fonte: información agregada das deputacións.

No relativo ao peso deste capítulo na composición dos gastos (recollido no cadro 17) , é importante salientar que presenta unha media do 30,5% lixeiramente inferior ao ano 2021. Destaca a alta porcentaxe dos gastos de persoal na Deputación de Ourense, cun 39,2%, que supera case 12 puntos porcentuais a porcentaxe da Coruña e Pontevedra, que son as de menor porcentaxe. Por outra banda a porcentaxe da provincia de Lugo e un pouco superior ao dato da media, ao redor do 34%.

As cifras do total por operacións correntes (capítulos do I ao V, este último o capítulo do Fondo de continxencia) presentan unha tendencia similar aos gastos de persoal, xa que foron as cifras de Lugo e Ourense, as que superaron a media (155,9), que se sitúa nos 244,4 €/habitante en Lugo e 225,2 €/habitante en Ourense.

A porcentaxe para a media de Galicia destinada a este tipo de gastos é do 76,1%, sendo nos orzamentos de Coruña e Ourense os que presentan porcentaxes máis altas. O peso relativo na estrutura de gastos das operacións correntes flutúa entre o 81,8% da Coruña e o 66,3% de Pontevedra.

Cadro 17. Variables e ratios económico-financeiras. Galicia 2022. Euros por habitante e porcentaxe.

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia |
|----------------------------------|----------|-------|---------|------------|---------|
| Gastos Totais | 169,2 | 309,3 | 281,9 | 186,5 | 204,9 |
| Gastos de Persoal (Cap I) | 46,6 | 104,9 | 110,5 | 51,4 | 62,5 |
| % GP/GT | 27,6% | 33,9% | 39,2% | 27,6% | 30,5% |
| Operacións Correntes (I ao V) | 138,4 | 244,4 | 225,5 | 123,7 | 155,9 |
| % OC/GT | 81,8% | 79,0% | 80,0% | 66,3% | 76,1% |
| Operacións de Capital (VI+VII) | 28,9 | 59,0 | 53,1 | 61,7 | 46,8 |
| % OC/GT | 17,1% | 19,1% | 18,8% | 33,1% | 22,8% |
| Operacións Financeiras (VIII+IX) | 1,8 | 5,9 | 3,3 | 1,1 | 2,2 |
| % OF/GT | 1,1% | 1,9% | 1,2% | 0,6% | 1,1% |

Fonte: información agregada das deputacións.

Polo que respecta ás operacións de capital (capítulos VI e VII) a deputación co orzamento maior das catro destinado a estes gastos divido pola súa poboación, segue sendo, como en anos anteriores, a de Pontevedra. A media de Galicia reflicte que se destinarán uns 46,8 euros por habitante aos investimentos reais e transferencias de capital, sendo os valores extremos os de Coruña, con 28,9 e Pontevedra, con 61,7 euros por habitante.

No que atinxe ao peso relativo na estrutura de gastos deste agregado de investimentos e transferencias de capital, foi en Pontevedra no que se observa unha maior proporción do seu orzamento destinado aos capítulos VI e VII, seguido polo orzamento lucense.


Por último, as operacións financeiras (capítulos VIII e IX), como xa se adiantou, experimentaron en 2022 un descenso pasando dos 3,8 euros por habitante en 2021 aos 2,2 en 2022, para a medida de Galicia. Neste agregado de gastos financeiros obsérvase unha gran variabilidade, figurando o maior dato en Lugo, con 5,9 euros por habitante, seguido dos 3,3 €/habitante en Ourense e os 1,8 da Coruña, mentres que en Pontevedra soamente resulta 1,1 euro por habitante destinado a gastos financeiros. As porcentaxes reflicten datos parellos aos importes por habitante, sendo Lugo e Ourense os que superan a porcentaxe da media, e reflectindo o de Pontevedra o dato mais baixo xa que soamente o 0,6% do seu orzamento son gastos financeiros.

II.4. EVOLUCIÓN DE GASTOS DO PERÍODO 2013-2021.

A continuación detallase a evolución dos agregados máis importantes dentro das variables de gastos: os gastos de persoal (recollidos no capítulo I, e sendo os de maior peso relativo dentro das operacións correntes) e os gastos por operacións de capital (que engloba os capítulos VI e VII).

No período de análise considerado, o capítulo I de gastos de persoal presenta unha traxectoria descendente en 2014 e 2015, seguindo a tendencia iniciada en 2011. Mentres que nos últimos anos medra ata os 168,2 millóns de euros, o que supón un crecemento medio do 1,8% con respecto a 2021.

Gráfico 47. Variables de gastos de persoal período 2014-2022. Millóns de euros.



Fonte: información agregada das deputacións.


Cadro 18. Gastos de persoal 2014-2022. Millóns de euros.

| | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 | Inc. interanual medio |
|-------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|-----------------------|
| A Coruña | 38,2 | 38,4 | 39,8 | 39,3 | 41,4 | 44,1 | 49,4 | 49,6 | 52,1 | 4,0% |
| Lugo | 23,4 | 23,3 | 24,7 | 24,0 | 24,8 | 27,3 | 33,1 | 33,3 | 34,0 | 4,8% |
| Ourense | 28,4 | 27,7 | 30,1 | 29,9 | 31,8 | 32,2 | 35,1 | 32,9 | 33,6 | 2,1% |
| Pontevedra | 40,3 | 40,8 | 43,1 | 43,5 | 44,6 | 44,8 | 47,0 | 49,3 | 48,5 | 2,3% |
| Galicia | 130,3 | 130,2 | 137,7 | 136,8 | 142,6 | 148,4 | 164,7 | 165,2 | 168,2 | 3,7% |

Fonte: información agregada das deputacións.

No conxunto das catro deputacións o peso dos gastos de persoal sobre o total dos gastos diminuíu dende 2014, pero o peso relativo aumenta dende o 2018, situándose no 30,5% en 2022.


Gráfico 48. Gastos de persoal. Peso sobre o total de gastos. 2014-2022.



Fonte: información agregada das deputacións.

En termos de gastos de persoal por habitante, as deputacións de Lugo e Ourense presentan un nivel superior á media de 62,5€ por habitante de 2022, mentres que as de Pontevedra e A Coruña están por debaixo en todos os anos do período.


Gráfico 49. Gastos de persoal por habitante 2014-2022.



Fonte: información agregada das deputacións.

A evolución das operacións de capital, presenta unha traxectoria ascendente nos últimos tres anos, acadando un cifra de 125,8 millóns de euros o que representa o 22,8% do total do presuposto.

Gráfico 50. Evolución operacións de capital período 2014-2022. Millóns de euros.



Fonte: información agregada das deputacións.

No período 2014-2022 o conxunto dos gastos de capital das deputacións mostra unha taxa media anual do 1,6%, sendo negativa no caso das deputacións de A Coruña (-0,9%) e Lugo (-2,1%), mentres que as de Ourense e Pontevedra presentan unhas taxas medias anuais positivas do 1,4% e 5,1%, respectivamente, aínda que con distinta evolución temporal.


Cadro 19. Operacións de capital. 2014-2022. Millóns de euros.

| | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 | Inc. interanual medio |
|-------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|-----------------------|
| A Coruña | 34,9 | 42,7 | 41,8 | 38,0 | 26,8 | 30,2 | 23,7 | 27,7 | 32,4 | -0,9% |
| Lugo | 22,7 | 22,5 | 28,3 | 20,9 | 19,0 | 20,1 | 19,4 | 16,4 | 19,1 | -2,1% |
| Ourense | 14,4 | 20,0 | 18,6 | 16,1 | 15,3 | 16,3 | 17,2 | 13,1 | 16,1 | 1,4% |
| Pontevedra | 39,0 | 34,1 | 40,7 | 42,4 | 44,6 | 45,8 | 47,1 | 52,5 | 58,2 | 5,1% |
| Galicia | 111,0 | 119,3 | 129,3 | 117,4 | 105,7 | 112,3 | 107,4 | 109,7 | 125,8 | 1,6% |

Fonte: información agregada das deputacións.

En 2022 o volume das operacións de capital con respecto ao total do orzamento representa o 22,8% en 2022, un 1,9 puntos porcentuais máis que no ano anterior e un punto inferior ao ano 2014.

Gráfico 51. Operacións de capital. Peso sobre o total de gastos.




Fonte: información agregada das deputacións.

Os gastos de capital por habitante das deputacións acadan os 46,8€ en 2022, ascenso debido fundamentalmente, ós aumentos producidos en Ourense e Pontevedra.

A Coruña e Lugo son as provincias que presentan descenso no último período, sendo Lugo a que amosa un maior importe diferenciado.

Gráfico 52. Gastos de capital por habitante (euros por habitante).



Fonte: información agregada das deputacións.


II.5. INTRODUCCIÓN AOS ORZAMENTOS INDIVIDUAIS DE GASTOS POR DEPUTACIÓN

Como no apartado de ingresos, a continuación, descríbense graficamente, de xeito individual, os orzamentos de gastos de cada unha das deputacións provinciais das principais variables orzamentarias:

- En primeiro lugar, recóllese a estrutura básica dos gastos, reflectindo a porcentaxe que amosa cada agregado ao total dos gastos do orzamento.
- En segundo lugar, figura unha táboa comprensiva do orzamento inicial 2022, e a comparación co orzamento do ano 2021. Así mesmo recóllese graficamente as diferentes porcentaxes de cada capítulo de gasto nestes dous últimos anos.


II.5.1. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Gráfico 53. Orzamento de gastos da deputación de A Coruña 2022.



Fonte: Deputación de A Coruña.

Gráfico 54. Orzamento de gastos da deputación de A Coruña 2022. Detalle.




Fonte: Deputación de A Coruña.

Cadro 20. Orzamento de gastos por capítulos. A Coruña 2021-2022.

| CAPITULOS | 2021 | | Increm. % Interanual | 2022 | |
|--|--------------------|--------------|-------------------------|--------------------|--------------|
| | IMPORTE | % | | IMPORTE | % |
| OPERACIÓN NON FINANZEIRAS | | | | | |
| I. Gastos de Persoal | 49.586.766 | 26,9% | 5,2% | 52.141.915 | 27,6% |
| II. Compra de Bens Corr. e Servizos | 30.380.260 | 16,5% | 7,9% | 32.787.512 | 17,3% |
| <i>Gastos funcionamento dos servizos</i> | 79.967.027 | 43,3% | 6,2% | 84.929.427 | 44,9% |
| III. Xuros | 561.000 | 0,3% | 35,7% | 761.000 | 0,4% |
| IV. Transferencias Correntes | 66.570.964 | 36,1% | -1,8% | 65.352.195 | 34,5% |
| V. Fondo continxencia e imprevisión | 3.690.000 | 2,0% | 2,4% | 3.780.000 | 2,0% |
| Operacións Correntes | 150.788.991 | 81,7% | 2,7% | 154.822.622 | 81,8% |
| VI. Investimentos Reais | 18.736.238 | 10,2% | -7,0% | 17.417.607 | 9,2% |
| VII. Transferencias de Capital | 8.944.000 | 4,8% | 67,3% | 14.964.000 | 7,9% |
| Operacións de capital | 27.680.238 | 15,0% | 17,0% | 32.381.607 | 17,1% |
| Operacións non financeiras | 178.469.229 | 96,7% | 4,9% | 187.204.229 | 98,9% |
| OPERACIÓN FINANCEIRAS | | | | | |
| VIII. Variación Activos Financeiros | 6.030.771 | 3,3% | -66,3% | 2.030.771 | 1,1% |
| IX. Variación Pasivos Financeiros | | | | | |
| Operacións financeiras | 6.030.771 | 3,3% | -66,3% | 2.030.771 | 1,1% |
| TOTAL GASTOS | 184.500.000 | 100% | 2,6% | 189.235.000 | 100% |


Fonte: Deputación de A Coruña.

Gráfico 55. Orzamento de gastos por capítulos en porcentaxe sobre o total. 2021-2022.



Fonte: Deputación de A Coruña.


Gráfico 56. Orzamento por áreas de gasto. 2022.



Fonte: Deputación de A Coruña.


II.5.2. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO

Gráfico 57. Orzamento de gastos. Deputación de Lugo. 2022.



Fonte: Deputación de Lugo.

Gráfico 58. Orzamento de gastos. Deputación de Lugo. Detalle. 2022.




Fonte: Deputación de Lugo.

Cadro 21..Orzamento de gasto por capítulos. Lugo. 2021-2022.

| CAPITULOS | 2021 | | Increm. % Interanual | 2022 | |
|--|-------------------|--------------|-------------------------|--------------------|--------------|
| | IMPORTE | % | | IMPORTE | % |
| OPERACIÓN NON FINANCEIRAS | | | | | |
| I. Gastos de Persoal | 33.311.998 | 36,0% | 2,0% | 33.975.487 | 33,9% |
| II. Compra de Bens Corr. e Servicios | 26.543.556 | 28,7% | 12,5% | 29.871.913 | 29,8% |
| <i>Gastos funcionamento dos servizos</i> | 59.855.554 | 64,8% | 6,7% | 63.847.400 | 63,7% |
| III. Xuros | 130.850 | 0,1% | 84,9% | 242.000 | 0,2% |
| IV. Transferencias Correntes | 13.365.313 | 14,5% | 3,2% | 13.796.360 | 13,8% |
| V. Fondo continxencia e imprevisión | 674.953 | 0,7% | 84,7% | 1.246.611 | 1,2% |
| Operacións Correntes | 74.026.670 | 80,1% | 6,9% | 79.132.371 | 79,0% |
| VI. Investimentos Reais | 8.310.626 | 9,0% | 23,2% | 10.239.356 | 10,2% |
| VII. Transferencias de Capital | 8.087.223 | 8,8% | 9,8% | 8.880.408 | 8,9% |
| Operacións de capital | 16.397.849 | 17,7% | 16,6% | 19.119.764 | 19,1% |
| Operacións non financeiras | 90.424.519 | 97,8% | 8,7% | 98.252.135 | 98,1% |
| OPERACIÓN FINANCEIRAS | | | | | |
| VIII. Variación Activos Financeiros | 380.769 | 0,4% | -21,2% | 300.000 | 0,3% |
| IX. Variación Pasivos Financeiros | 1.613.464 | 1,7% | 0,0% | 1.613.464 | 1,6% |
| Operacións financeiras | 1.994.234 | 2,2% | -4,1% | 1.913.464 | 1,9% |
| TOTAL GASTOS | 92.418.753 | 100% | 8,4% | 100.165.599 | 100% |


Fonte: Deputación de Lugo.

Gráfico 59. Orzamento de gasto. Porcentaxe de cada capítulo. Lugo. 2021-2022.



Fonte: Deputación de Lugo.


Gráfico 60. Orzamento por áreas de gasto. Lugo 2021.



Fonte: Deputación de Lugo.


II.5.3. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

Gráfico 61. Orzamento de gastos. Ourense. 2022.



Fonte: Deputación de Ourense.

Gráfico 62. Orzamento de gastos Ourense. Detalle. 2022.




Fonte: Deputación de Ourense.

Cadro 22. Orzamento de gastos por capítulos. Ourense. 2021-2022.

| CAPITULOS | 2021 | | Increm. % Interanual | 2022 | |
|--|-------------------|--------------|-------------------------|-------------------|--------------|
| | IMPORTE | % | | IMPORTE | % |
| OPERACIÓN NON FINANZEIRAS | | | | | |
| I. Gastos de Persoal | 32.937.825 | 41,3% | 2,0% | 33.602.496 | 39,2% |
| II. Compra de Bens Corr. e Servizos | 19.815.315 | 24,9% | 5,1% | 20.820.014 | 24,3% |
| <i>Gastos funcionamento dos servizos</i> | 52.753.140 | 66,2% | 3,2% | 54.422.510 | 63,5% |
| III. Intereses | 57.997 | 0,1% | 417,3% | 299.997 | 0,4% |
| IV. Transferencias Correntes | 12.684.697 | 15,9% | 6,7% | 13.534.576 | 15,8% |
| V. Fondo continxencia e imprevisión | 70.000 | 0,1% | 328,6% | 300.000 | 0,4% |
| Operacións Correntes | 65.565.833 | 82,3% | 4,6% | 68.557.083 | 80,0% |
| VI. Investimentos Reais | 10.090.800 | 12,7% | 5,3% | 10.628.563 | 12,4% |
| VII. Transferencias de Capital | 3.041.166 | 3,8% | 81,3% | 5.512.154 | 6,4% |
| Operacións de capital | 13.131.967 | 16,5% | 22,9% | 16.140.717 | 18,8% |
| Operacións non financeiras | 78.697.800 | 98,7% | 7,6% | 84.697.800 | 98,8% |
| OPERACIÓN FINANCEIRAS | | | | | |
| VIII. Variación Activos Financeiros | 300.000 | 0,4% | 0,0% | 300.000 | 0,4% |
| IX. Variación Pasivos Financeiros | 702.200 | 0,9% | 0,0% | 702.200 | 0,8% |
| Operacións financeiras | 1.002.200 | 1,3% | 0,0% | 1.002.200 | 1,2% |
| TOTAL GASTOS | 79.700.000 | 100% | 7,5% | 85.700.000 | 100% |


Fonte: Deputación de Ourense.

Gráfico 63. Orzamento de gasto. Porcentaxe de cada capítulo. Ourense. 2021-2022.



Fonte: Deputación de Ourense.


Gráfico 64. Orzamento de gastos por áreas de gasto. Ourense 2022.



Fonte: Deputación de Ourense.


II.5.4. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Gráfico 65. Orzamento de gastos. Deputación de Pontevedra. 2022.



Fonte: Deputación de Pontevedra.

Gráfico 66. Orzamento de gastos. Deputación de Pontevedra. Detalle. 2022.




Fonte: Deputación de Pontevedra.

adro 23. Orzamento de gasto por capítulos. Pontevedra. 2021-2022.

| CAPITULOS | 2021 | | Increm. % Interanual | 2022 | |
|--|--------------------|--------------|-------------------------|--------------------|--------------|
| | IMPORTE | % | | IMPORTE | % |
| OPERACIÓN NON FINANZEIRAS | | | | | |
| I. Gastos de Persoal | 49.321.877 | 29,3% | -1,7% | 48.486.316 | 27,6% |
| II. Compras de Bens Corr. e Servizos | 35.984.065 | 21,4% | 1,2% | 36.430.332 | 20,7% |
| <i>Gastos funcionamento dos servizos</i> | 85.305.942 | 50,7% | -0,5% | 84.916.648 | 48,3% |
| III. Intereses | 389.101 | 0,2% | -20,6% | 309.001 | 0,2% |
| IV. Transferencias Correntes | 27.731.392 | 16,5% | 9,6% | 30.384.107 | 17,3% |
| V. Fondo continxencia e imprevisión | 1.003.000 | 0,6% | -0,3% | 1.000.000 | 0,6% |
| Operacións Correntes | 114.429.435 | 68,1% | 1,9% | 116.609.756 | 66,3% |
| VI. Inversións Reais | 12.766.075 | 7,6% | -0,5% | 12.699.910 | 7,2% |
| VII. Transferencias de Capital | 39.758.911 | 23,6% | 14,4% | 45.487.285 | 25,9% |
| Operacións de capital | 52.524.986 | 31,2% | 10,8% | 58.187.195 | 33,1% |
| Operacións non financeiras | 166.954.421 | 99,3% | 4,7% | 174.796.951 | 99,4% |
| OPERACIÓN FINANCEIRAS | | | | | |
| VIII. Variación Activos Financeiros | 272.401 | 0,2% | 0,0% | 272.401 | 0,2% |
| IX. Variación Pasivos Financeiros | 889.215 | 0,5% | -18,2% | 727.119 | 0,4% |
| Operacións financeiras | 1.161.616 | 0,7% | -14,0% | 999.520 | 0,6% |
| TOTAL GASTOS | 168.116.037 | 100% | 4,6% | 175.796.471 | 100% |


Fonte: Deputación de Pontevedra.

Gráfico 67. Orzamento de gasto. Porcentaxe de cada capítulo. Pontevedra. 2021-2022.



Fonte: Deputación de Pontevedra.

Gráfico 68. Orzamento por áreas de gasto. Pontevedra. 2022.



Fonte: Deputación de Pontevedra.